PRESENTACIÓN DA SEGUNDA EDICIÓN

Un ano despois da primeira edición do *Manual de dereito administrativo*, publicamos agora a segunda, que se explica por dous motivos. Por unha banda, pola excelente acollida da primeira edición e, conectado con isto, pola necesidade de que un manual destas características estea permanentemente actualizado.

En primeiro lugar, o manual tivo unha acollida extraordinaria, tanto no ámbito académico coma no profesional. Na súa versión electrónica e aberta, as descargas mensuais das distintas leccións son innumerables. Sumando todas as leccións, no período que vai de agosto do 2023 a xullo de 2024, contabilizamos máis de 35.000 descargas. Un dato salientable e complementario é que tamén a versión impresa do libro tivo unha moi boa acollida na comunidade xurídica. Iso reforza a idea, na que a editorial Marcial Pons é pioneira en España, da compatibilidade entre o formato electrónico (gratuíto) e o impreso (con prezo). Cada formato cumpre unha función distinta e adecuada aos diversos destinatarios, momentos e necesidades. Hoxe hai xa unha evidencia empírica de que o texto impreso favorece o entendemento da correspondente materia, así como a reflexión crítica. En consecuencia, fan ben as bibliotecas universitarias en ofrecer exemplares impresos do manual, malia que os estudantes poidan acceder aos mesmos textos en formato dixital, sinxelo e aberto. E fan ben en mercar o manual todos aqueles que pretenden utilizalo repetidamente ao longo do ano para estudo ou para consulta.

Cónstanos, ademais, que as descargas proveñen de todo o mundo, co que podemos afirmar que o manual está a contribuír á divulgación do dereito administrativo español e está a facilitar a utilización do noso dereito nos estudos xurídicos comparados. Unha acollida tan extraordinaria anímanos a continuar o proxecto iniciado hai agora un ano.

Ademais, e precisamente pola enorme proxección que tivo o manual no seu primeiro ano de vida, resulta imprescindible unha actualización e revisión continua, xa que só así pode cumprir a súa dobre función pedagóxica e de primeira consulta para calquera dúbida relacionada coa parte xeral do Dereito administrativo.

Por si mesmas, as novidades lexislativas, xurisprudenciais e doutrinais acontecidas entre 2023 e 2024 non xustificarían unha segunda edición tan temperá. Desde agosto de 2023, non se identificaron grandes cambios nos elementos estruturais do Dereito administrativo. Houbo, loxicamente, múltiples reformas lexislativas sectoriais, e tamén algunhas xerais, como as modificacións puntuais da Lei reguladora das bases do réxime local por medio da Real decreto lei 6/2023, do 19 de decembro. Estas reformas presentan un alcance moi limitado desde a perspectiva sistemática do manual. Porén, vista a acollida e a repercusión que tivo o manual na comunidade xurídica, a actualización xa non se xustifica só pola necesidade de integrar as novidades lexislativas ou xurisprudenciais, senón tamén pola confianza colectiva xerada en que todo o que está no manual é dereito vixente e en que se aplica nos termos que se explican nel.

Todo isto é suficiente para seguir adiante. E de novo, como na primeira edición, os trinta e catro autores asumimos este manual como a nosa modesta contribución ao interese xeral, indisociable da nosa condición de profesores e profesoras de Dereito administrativo.

Francisco Velasco Caballero

M.ª Mercè Darnaculleta Gardella